

NOVELA

# Agustín Fernández Paz e os fragmentos da memoria

ARMANDO REQUEIXO • SANTIAGO

**Noite de voraces sombras**

Agustín Fernández Paz  
Xerais  
Fóra de Xogo  
2002


Existen algúns creadores de noso que levan anos silenciosamente determinados en producir unha literatura de calidade que poida ser, asemade, recibida con interese polo tanto polo lectorado infantoxuvenil coma polo lectorado adulto. Publican en coleccións paratextualmente dirixidas ós lectores máis novos, participan en premios, simposios, asociacións e outras institucións mediadoras propiamente infantoxuvenís, mais a súa escrita, a intratextualidade da mesma, está deseñada para alcanzar un público moito máis amplo, que tanto pode acoller a rapaces como a maiores, pois en todo tempo e lugar sempre aconteceu así cos grandes mestres: Stevenson, Melville, Carroll, Swift, Defoe, Golding e tantos e tantos outros autores.

De entre os creadores galegos que se ubican nesa precisa encrucillada probablemente unha das máis senlleiras voces sexa a de Agustín Fernández Paz, escritor de longo alento, autor dunha mancha de obras abondo galardoadas, traducidas e recoñecidas por lectores e críticos tanto de dentro coma de fóra do país. Nesa estela sitúase ta-

mén a súa última novela, *Noite de voraces sombras* (Vigo, Xerais, 2002), aparecida precisamente na colección Fóra de Xogo, inicialmente dirixida a adolescentes, se ben a obra ofrece, tamén, moi outras lecturas. *Noite de voraces sombras* arrinca titularmente cun verso do incomparable José Ángel Valente para mergullarse nunha cativante historia de reencontros e procuras, de rememoracións e descubertas, de silencios e incompreensións. Unha historia na que unha rapaza dos nosos días redescobre a verdadeira vida dun seu tío republicano que sufrira represión e presidio nos tempos do Dictador; unha historia que o é tamén de amor, ben que dun amor imposible, un amor truncado que foi e non puido ser, tan amargo pouso no corazón. E todo dosificado coa habelencia narrativa de Fernández Paz, un dos nosos creadores con maior oficio, virtuoso dominador das técnicas do suspense e a dosificación da intriga, do relatar soltando corda a poucos, ata que o nó da sorpresa acabe por nos atrapar no momento mesmo que comezabamos a caer no abismo.

*Noite de voraces sombras* é tamén, de por parte, a novelización dun relato anterior do propio autor, *A memoria dos soños rotos* (AA. VV., *Ningúen está só*, Lugo, Tris Tram, 2001), que aquí foi adensado con tramas secundarias, diálogos e personaxes que non figuraban, como é lóxico, na versión contística,

Fernández Paz, un dos nosos creadores con maior oficio, virtuoso dominador das técnicas do suspense e a dosificación da intriga.



primeira redacción literaria desta historia.

Cal recoñecerlle a Agustín Fernández Paz a súa estimable destreza para facernos vibrar con histo-

rias de sempre contadas coma nunca. Velaí o segredo deste *Noite de voraces sombras*, viño novo en odres vellos. A voz do clásico, nada menos.